

---

## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público [- 43421 (09/PL-000032)] [128734](#)

Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2015, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de transparencia e bo goberno [09/PL-000028 (42373)] [128732](#)

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2015, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia [09/PPLC-000014 (31372)] [128732](#)

##### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

- 37326 (09/PPLI-000013)

Comisión Promotora

Proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [128796](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 43421 (09/PL-000032)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 27 de novembro de 2015, ás 18.30 horas.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

### Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2015, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de transparencia e bo goberno [09/PL-000028 (42373)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43442, o escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de transparencia e bo goberno (09/PL-000028)

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao Proxecto de lei de transparencia e bo goberno, ata o día 12 de novembro de 2015 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

#### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

### Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2015, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia [09/PPLC-000014 (31372)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43445, o escrito do G.P. Mixto polo que solicita a ampliación do prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (PPLC-000014)

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, ata o día 12 de novembro de 2015 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

#### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de novembro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 37326 (09/PPLI-000013)

Comisión Promotora

Proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

BOPG nº 485, do 23.06.2015

A Mesa acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 e 124 do Regulamento.

2º. Solicitar da Xunta de Galicia que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 22 de outubro de 2015.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICADO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de outubro de dous mil quince adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente certificación, co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela o vinte e dous de outubro de dous mil quince.


Vº e Prace  
O PRESIDENTE





**XUNTA DE GALICIA**

**PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DA ASISTENCIA  
XURÍDICA DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE  
AUTÓNOMA DE GALICIA E DO SEU SECTOR PÚBLICO**






## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A suxeición da Administración pública á lei constitúe unha das bases do Estado social e democrático de dereito, de acordo co establecido polos artigos 1 e 103 da Constitución española.

A Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e dentro dela os/as seus/súas letrados/as, ten atribuída en exclusiva unha dobre función de asesoramento xurídico da Administración autonómica e defensa en xuízo dela. Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e a defensa dos intereses da propia Comunidade Autónoma, o que redunda en favor da cidadanía, que é a destinataria da súa actividade. Por iso é polo que cómpre arbitrar os medios de defensa dos dereitos da Administración, co fin de que o interese público que representa e que preside a súa actuación resulte garantido e respectado.

A Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia atópase actualmente regulada pola Lei 7/1984, do 28 de xuño, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos, e, a nivel regulamentario, polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Tamén a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, recolle, na súa disposición adicional oitava, que a asistencia xurídica á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, aos seus organismos autónomos e aos órganos estatutarios, salvo, respecto destes últimos, que as súas normas reguladoras establezan o contrario, lle corresponde ao persoal funcionario integrante da escala de letrados/as da Xunta de Galicia.

Dada a data, o carácter provisional e a mínima regulación que se contén nas citadas leis, é fácil constatar que se produciron circunstancias desde a súa entrada en vigor que fan preciso que se estableza dunha forma integrada e nunha norma con rango de lei a regulación e ordenación dos servizos xurídicos da Comunidade Autónoma.





## XUNTA DE GALICIA

Así, cabe destacar a evolución competencial da Administración da Comunidade Autónoma, a creación mediante o artigo 16 da Lei 15/1991, do 28 de decembro, da escala de letrados/as da Xunta de Galicia, coa finalidade de desenvolver as funcións de asesoramento en dereito e de representación e defensa da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional (Lei derogada pola Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e substituída hoxe polo punto 1 da disposición adicional oitava da indicada lei), a regulación que resulta da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, e a previsión contida no artigo 551.3 da Lei orgánica do poder xudicial, do 1 de xullo de 1985.

Estas finalidades acométense a través desta lei no exercicio da potestade de autoorganización que á Comunidade Autónoma galega lle reconece o seu Estatuto de autonomía (artigos 27.1 e 39 do Estatuto), así como no marco da súa competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia (artigo 28.1 do Estatuto), e a competencia exclusiva na regulación dos procedementos administrativos derivados da organización propia dos poderes públicos galegos (artigo 27.5 do Estatuto).

A fin de cumprir os ditos obxectivos, a lei divídese en cinco capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No capítulo I determínase a asistencia xurídica á Administración autonómica e ao seu sector público e o exercicio das súas funcións a través dos/as letrados/as da Xunta de Galicia. A regulación pretende acadar a extensión da asistencia xurídica, a través da Asesoría Xurídica Xeral, a todas as entidades do sector público autonómico, en garantía do funcionamento regular e coordinado deste. En particular, dispónse que cando a asistencia xurídica ás entidades do sector público non a preste a Asesoría Xurídica Xeral ou as asesorías xurídicas dependentes dela, os servizos xurídicos que a desenvolvan deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados desta. Así mesmo, en liña cos obxectivos de autoprovisión dentro do sector público da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regúlanse






os requisitos para acudir a contratos de asistencia xurídica con medios externos e indícase que só poderá acudirse á contratación externa cando a aludida autoprovisión non resulte viable, garantindo que a Asesoría Xurídica Xeral poida, se resulta posible, asumir ela a prestación.

O capítulo II concreta as funcións consultivas e contenciosas, as relativas ás materias de dereito comunitario e constitucional e outras funcións propias dos servizos xurídicos da Comunidade galega. A regulación fai fincapé nas funcións da Asesoría Xurídica Xeral relacionadas coa racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, en liña cos principios previstos na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así, establécese a participación da Asesoría Xurídica Xeral na elaboración das normas e as súas actuacións para a adaptación da regulación vixente aos principios indicados.

Este capítulo ocúpase tamén da regulación da defensa do persoal funcionario, autoridades e empregados/as públicos. A regulación pretende evitar situacións de conflito de intereses e prevé as especialidades da defensa do persoal docente, sanitario e que teña encomendadas funcións de vixilancia ou inspección. A asistencia denegarase, en particular, cando se deduza que o procedemento xudicial non deriva de actos ou omisións realizados no exercicio lexítimo das funcións inherentes ao posto de traballo; cando non exista aparencia de actuación lexítima por parte da autoridade, funcionario ou persoal afectado, ou cando se actuase en cumprimento de ordes que constitúen unha infracción manifesta, clara e terminante dun precepto da lei ou de calquera outra disposición xeral. A lei pretende, tamén, garantir a correspondente indemnización dos gastos de defensa e representación nos casos de denegación da autorización cando despois se evidencie a inocencia do persoal afectado. Tamén se prevé, para casos xustificados, o adianto dos gastos de defensa e representación, para o que deberán avalarse as cantidades correspondentes, que deberán ser reintegradas se o resultado do proceso non é favorable ao persoal afectado.

O capítulo III refírese aos principios de colaboración entre os órganos asistidos e a Asesoría Xurídica Xeral. Establece, en particular, o deber daqueles de prestar a esta a colaboración precisa para a mellor realización dos seus fins.






O capítulo IV regula a organización da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia con especial fincapé na necesidade da dependencia xerárquica e funcional de todos os órganos de asesoría da Asesoría Xurídica Xeral e na existencia dunha relación de postos de traballo única.

O capítulo V da lei refírese aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia, á súa actuación profesional e provisión de postos de traballo.

Finalmente, as disposicións adicionais, derogatoria e derradeiras refírense, entre outros aspectos, ao uso da lingua galega, medios electrónicos e desenvolvemento regulamentario da lei.

En particular, introdúcese na disposición derradeira segunda unha modificación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, respecto das previsións relacionadas coa solicitude de informes a este órgano consultivo. A dita función de asesoramento técnico cualificado seguirá limitada a cuestións concretas de especial importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia, ben que, coa nova regulación, poderán solicitar directamente informe ao Consello Consultivo de Galicia, non só a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, pola súa exclusiva iniciativa, senón tamén as persoas titulares da Presidencia das entidades locais. Agora ben, neste último caso, en que a solicitude a formularán entes cuxas competencias se estenden a ámbitos territoriais inferiores ao autonómico, introdúcense os requisitos determinantes da cualificación dunha cuestión concreta formulada por unha entidade local como de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia de xeito que, de non cumprirse algún deses requisitos, se acordará a devolución do expediente, co arquivamento do actuado.






## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación da asistencia xurídica á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao seu sector público.
2. Para os efectos desta lei, enténdese por asistencia xurídica o asesoramento en dereito e a representación e defensa en xuízo en todo tipo de procesos xudiciais, ante órganos administrativos e en procedementos arbitrerais.
3. Non se entenderá por asistencia xurídica, para os efectos da presente lei, as funcións de carácter técnico-xurídico consistentes na instrución de procedementos administrativos, elaboración de memorias e estudos, informes administrativos, propostas de resolución de reclamacións, recursos e requirimentos e actuacións similares desenvoltas polo persoal dos órganos e unidades administrativas dependentes da Administración e entidades do sector público de acordo coas súas funcións.





## **Artigo 2. *Ámbito da asistencia***

1. A asistencia descrita no artigo anterior será prestada pola Asesoría Xurídica Xeral á Administración xeral da Comunidade Autónoma e ao sector público autonómico de acordo co establecido nesta lei.

Para os efectos do disposto nesta lei, o sector público autonómico está integrado polas entidades previstas no artigo 3.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.


2. A asistencia prestarase á Administración xeral da Comunidade Autónoma, aos seus organismos autónomos, así como aos órganos estatutarios, sempre que, neste último caso, as súas disposicións reguladoras non dispoñan o contrario.

3. Mediante a formalización do oportuno acordo de natureza xurídico-pública entre a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e o órgano competente da entidade asistida prestarase asistencia xurídica, nos termos que se establezan regulamentariamente, ás entidades pertencentes ao sector público autonómico distintas dos organismos autónomos.

Tales acordos poderán determinar unha compensación económica que se aboará á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia pola actuación dos letrados da Xunta de Galicia.

Cando a asistencia xurídica sexa prestada en virtude do acordo, para o exercicio das accións xudiciais, aplicarase o que dispoñan as normas reitoras das respectivas entidades, asumindo os/as letrados/as da Xunta a súa representación e defensa, de acordo co previsto nos ditos acordos.

En particular, no caso das entidades públicas instrumentais, os seus estatutos poderán prever a creación dunha asesoría xurídica dependente da Asesoría Xurídica Xeral.






## XUNTA DE GALICIA

Neste caso, o acordo previsto neste artigo regulará a prestación da asistencia consultiva ou contenciosa polos servizos da Asesoría Xurídica Xeral non cuberta pola asesoría xurídica da entidade.

4. Cando a asistencia xurídica ás entidades indicadas no punto anterior non sexa prestada pola Asesoría Xurídica Xeral ou asesorías xurídicas dependentes dela, os servizos xurídicos da entidade que a desenvolvan deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados daquela.






### **Artigo 3. *A Asesoría Xurídica Xeral***

1. A Asesoría Xurídica Xeral, con rango de dirección xeral, é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde, en relación co ámbito descrito no artigo 2, a dirección, coordinación e inspección da asistencia xurídica.

2. No cumprimento das súas funcións de asesoramento en dereito, representación e defensa en xuízo e como garantía da defensa do interese público, a Asesoría Xurídica Xeral goza de autonomía funcional na súa relación cos órganos asistidos.

3. A Asesoría Xurídica Xeral dependerá, de acordo co indicado no artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, do órgano superior que determine a estrutura orgánica aprobada pola Xunta de Galicia.






**XUNTA DE GALICIA**

**Artigo 4. *Exercicio de funcións de asistencia xurídica***

O exercicio das funcións de asistencia xurídica de competencia da Asesoría Xurídica Xeral corresponde ao persoal funcionario pertencente á escala de letrados/as da Xunta de Galicia dependentes dela.





**Artigo 5. *Autoprovisión dentro do sector público e contratos de asistencia xurídica con medios externos***

1. A asistencia xurídica considérase unha prestación de interese público que debe realizar a Administración xeral da Comunidade Autónoma e o seu sector público acudindo, con preferencia, aos medios persoais de que dispoña e, en particular, á Asesoría Xurídica Xeral.

2. Para as prestacións de asistencia xurídica só poderá acudirse á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poder ser cumpridamente satisfeitas pola Asesoría Xurídica Xeral as necesidades que se pretenden cubrir, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios de que dispón, nos termos establecidos na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Para estes efectos, entenderase por asistencia xurídica con medios externos os servizos de tal carácter prestados por empresas consultoras ou avogados/as en exercicio á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou ao seu sector público.

3. Para os efectos indicados, con carácter previo á tramitación de procedementos de contratación de calquera natureza que teñan por obxecto a asistencia xurídica con medios externos, o órgano proponente comunicarao á Asesoría Xurídica Xeral, que deberá emitir informe preceptivo sobre a posibilidade de asumir ela a prestación, logo da formalización, se é o caso, do acordo previsto no artigo 2.

4. En calquera caso, a Asesoría Xurídica Xeral, para velar pola unidade de doutrina dentro do sector público autonómico e a coordinación, en relación coas prestacións de asistencia xurídica que sexan obxecto de contratación, deberá supervisar e prestar asistencia no proceso de contratación e na execución das prestacións.

Para estes efectos, darase traslado á Asesoría Xurídica Xeral dos informes, ditames e demais actuacións que resulten dos contratos de asesoramento externo, e esta poderá manifestar razoadamente, nun prazo de 10 días, a súa








XUNTA DE GALICIA

discrepancia cos criterios emitidos, para os efectos da súa ponderación polo órgano competente.





XUNTA DE GALICIA


## CAPÍTULO II

### **Funcións de asistencia xurídica da Asesoría Xurídica Xeral**

#### *Sección 1ª. Funcións de asesoramento en dereito*

#### **Artigo 6. Formas de exercicio**


A función de asesoramento da Asesoría Xurídica Xeral exercerase mediante a consulta, consello e asesoramento xurídico, a realización de notas, informes e ditames razoados en dereito, tanto preceptivos como facultativos, a participación na elaboración das disposicións de carácter xeral, a asistencia a órganos colexiados e a verificación da suficiencia de poderes, de acordo co que se estableza nas disposicións orgánicas da Asesoría Xurídica Xeral.





**Artigo 7. *Carácter dos informes ou ditames***

1. Os informes ou ditames terán carácter facultativo e non vinculante, agás que algunha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.
2. As actuacións administrativas que se aparten do criterio dos informes deberán ser motivadas.





**Artigo 8. *Ditames de carácter preceptivo***

Correspóndelle ao persoal da escala de letrados/as da Xunta de Galicia a emisión de informes ou ditames con carácter preceptivo, nos seguintes asuntos:

a) Os anteproxectos de lei e proxectos de disposicións con forza de lei.

b) Os proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral.


c) Os convenios de colaboración.

d) Os previstos na lexislación de contratos do sector público.

e) Os previstos na lexislación de subvencións.

f) Os expedientes sobre declaración de lesividade dos actos propios, con carácter previo á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa.

g) Calquera outro asunto para cuxa resolución as disposicións vixentes esixan como preceptivo un informe xurídico da asesoría xurídica.






XUNTA DE GALICIA

**Artigo 9. *Contido dos informes ou ditames***

Os informes ou ditames fundamentaranse en dereito e versarán sobre os aspectos consultados, aínda que se poderá examinar calquera outra cuestión relevante de carácter xurídico derivada do contido da consulta ou da documentación que se xunta a ela.





*Sección 2ª. Funcións de representación e defensa en xuízo*


**Artigo 10. Representación e defensa**

1. A representación e defensa en xuízo da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos, así como dos órganos estatutarios, sempre que as súas disposicións reguladoras non dispoñan o contrario, ante toda clase de órganos xudiciais, correspóndelles aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia, de acordo coa distribución de funcións que se estableza nas disposicións orgánicas da Asesoría Xurídica Xeral.

2. En casos excepcionais e logo do informe da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, a persoa titular da consellería de que dependa o órgano ou entidade asistida poderá autorizar, mediante resolución motivada, que a representación e defensa en xuízo sexa asumida por un avogado/a ou procurador/a, que actuará baixo a supervisión da Asesoría Xurídica Xeral.

Nestes casos, os poderes necesarios para a representación e defensa serán outorgados pola persoa titular da consellería de que dependa o órgano ou entidade asistida.


3. Para poder asumir os/as letrados/as da Xunta de Galicia a representación e defensa das restantes entidades do sector público non incluídas no punto 1, será necesaria a formalización do acordo recollido no artigo 2.





**Artigo 11. *Especialidades procesuais***

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios e entidades públicas instrumentais terán as mesmas especialidades procesuais que o Estado, de acordo co previsto no Estatuto de autonomía e na lexislación estatal aplicable.
2. De conformidade co previsto na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, ou na norma que a substitúa, nos procesos seguidos ante calquera xurisdición en que sexan parte a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios, así como as entidades públicas instrumentais cuxa representación e defensa corresponda aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia, as notificacións, citacións, emplacements e demais actos de comunicación procesual entenderanse directamente co/a letrado/a da Xunta de Galicia na sede do gabinete xurídico correspondente, ou polos medios informáticos habilitados para tal fin. De acordo co expresado na lexislación estatal citada, serán nulos os actos de comunicación procesual que non se practiquen conforme o disposto neste artigo.
3. Conforme o disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, ou norma que a substitúa, os/as letrados/as da Xunta de Galicia teñen a representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios e o resto das entidades pertencentes ao sector público autonómico cuxa defensa corresponda aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia, sen necesidade de procurador.
4. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios e as entidades públicas instrumentais, de conformidade co previsto no citado texto legal, estarán exentos da obriga de constituír depósitos, consignacións ou calquera outro tipo de garantía previstos nas leis.
5. A taxación das custas en que fose condenada a parte que actúe no proceso en contra da Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios, entidades públicas instrumentais ou persoas defendidas polos/as letrados/as da Xunta de Galicia rexerese, en






## XUNTA DE GALICIA

canto aos seus conceptos e importe, polas normas xerais, con inclusión, se é o caso, dos correspondentes ás funcións de procuradoría.

Unha vez firme a taxación, para a exacción das custas impostas a particulares utilizarase o procedemento administrativo de constrinximento, en defecto de pagamento voluntario.

6. Nos procesos civís que se dirixan contra a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios e entidades públicas instrumentais cuxa representación e defensa corresponda aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia, o letrado/a da Xunta de Galicia poderá elevar consulta ante a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral e, neste caso, será aplicable, en canto á suspensión do curso dos autos, o previsto no artigo 14 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, ou na norma que a substitúa.

7. Para o coñecemento e resolución dos procesos civís en que sexan parte a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e estatutarios e entidades públicas instrumentais, serán en todo caso competentes, de acordo co disposto na Lei 52/1997, do 27 de novembro, ou na norma que a substitúa, os xulgados e tribunais que teñan a súa sede en Santiago de Compostela, como capital da Comunidade Autónoma, e nas capitais de provincia. Esta norma aplicarase con preferencia a calquera outra norma sobre competencia territorial que poida concorrer no procedemento. O disposto neste artigo non será de aplicación nos supostos exceptuados na normativa procesual estatal.








**Artigo 12. *Exercicio e disposición de accións***


1. O exercicio de accións xudiciais en nome da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos requirirá acordo previo do Consello da Xunta de Galicia.
2. Nos supostos de urxencia, o exercicio de accións poderase ordenar mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, logo da iniciativa do órgano interesado, con posterior ratificación do Consello da Xunta de Galicia. No caso de que o Consello da Xunta de Galicia non proceda a tal ratificación, entenderase que existe unha desistencia da acción exercida.
3. Non será necesario o acordo do Consello da Xunta de Galicia para exercer a reconvención nos procesos civís. Nestes supostos bastará coa resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, que dará conta ao órgano superior de que dependa, de acordo coa estrutura orgánica aprobada pola Xunta de Galicia.
4. Non será necesario o acordo previo do Consello da Xunta de Galicia para que se constitúa como parte o/a letrado/a da Xunta de Galicia na fase de instrución dos procesos penais en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus organismos autónomos poidan resultar prexudicados. Esta constitución como parte poderá ser ordenada pola persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, logo da iniciativa do órgano interesado.
5. Así mesmo, tampouco será necesario o acordo previo do Consello da Xunta de Galicia para exercer exclusivamente a acción civil en calquera fase dos procesos penais.
6. Requirirase acordo do Consello da Xunta de Galicia para a presentación do escrito de acusación salvo nos casos de urxencia, nos cales se observará o previsto no punto 2.
7. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia non poderán realizar actos de disposición da acción procesual sen a autorización do Consello da Xunta de





XUNTA DE GALICIA


Galicia, adoptada por proposta razoada da consellería ou entidade interesada e logo do informe da persoa titular de Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.





**Artigo 13. Execución de sentenzas**

1. Corresponde a execución material de sentenzas firmes, así como a súa execución provisional nos casos que legalmente proceda, ao órgano que no momento da execución resulte competente por razón da materia sobre a que verse o litixio, sen prexuízo de que os/as letrados/as da Xunta de Galicia poidan ser requiridos por aquel para os efectos da formulación de actuacións procesuais ou incidentes de execución.
2. Cando a complexidade do asunto así o requira, o órgano a que corresponda executar a sentenza poderá solicitar o asesoramento ou a emisión de informe xurídico sobre as medidas que a execución requira.






XUNTA DE GALICIA

**Artigo 14. *Actuacións en procedementos arbitrais e noutras reclamacións extraxudiciais***

Logo de autorización da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, os/as letrados/as da Xunta de Galicia poderán asumir a representación e defensa en procedementos arbitrais e noutras reclamacións extraxudiciais de natureza nacional ou internacional, conforme a lexislación aplicable.






***Sección 3ª. Funcións en materia de dereito da Unión Europea e constitucional***

***Artigo 15. Funcións en materia de dereito da Unión Europea e internacional***

1. Correspóndelle á Asesoría Xurídica Xeral o asesoramento xurídico en materia de dereito da Unión Europea e dereito internacional, o seguimento da normativa comunitaria e a realización de estudos na devandita materia, de acordo co que se dispoña nas normas que aproben a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral.

2. Igualmente, correspóndelle a representación e defensa da Administración autonómica, así como o asesoramento ante os órganos e organismos internacionais ou supranacionais en que esta sexa parte, en calquera procedemento xurisdiccional, de acordo co previsto na normativa aplicable.






**Artigo 16. Funcións en materia de asuntos constitucionais**

1. Correspóndelle á Asesoría Xurídica Xeral o desempeño das seguintes funcións en materia de asuntos constitucionais, de acordo co que se dispoña nas normas que aproben a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral:

- a) A representación e defensa perante o Tribunal Constitucional en todos os procedementos previstos na lexislación vixente.
- b) A preparación dos requirimentos de incompetencia que formule a Xunta de Galicia e dar resposta aos que lle fosen formulados.
- c) O asesoramento en dereito das actuacións dirixidas á solución negociada ou á prevención da conflitividade constitucional e en que afecten o seu ámbito de competencias, todo iso sen prexuízo das funcións que sobre estas materias corresponden a outros órganos.
- d) Asesorar no seguimento da normativa do Estado ou doutras comunidades autónomas para efectos do cumprimento do bloque de constitucionalidade e, en especial, da distribución de competencias derivada deste.






*Sección 4ª. Asistencia xurídica na elaboración das disposicións de carácter xeral*

**Artigo 17. Racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa**

De acordo co expresado no artigo 36 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica Xeral contribuirá aos obxectivos fundamentais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de mantemento dun marco normativo estable e o máis simplificado posible que posibilite o coñecemento rápido e comprensible da normativa vixente que resulte de aplicación, e sen máis cargas administrativas para a cidadanía e as empresas que as estritamente necesarias para a satisfacción do interese xeral.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral coordinará os procesos periódicos de revisión e simplificación normativa que emprenda a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.






**Artigo 18. *Participación na elaboración das normas***

1. No marco do establecido no artigo anterior, e para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa, en todas as súas iniciativas normativas, os órganos asistidos solicitarán a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, que se desenvolverá, en particular, mediante a asistencia dos/as letrados/as da Xunta de Galicia aos órganos competentes para a súa elaboración, tramitación e participación nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos.

2. Así mesmo, os órganos competentes poderán solicitar da Asesoría Xurídica Xeral o estudo e elaboración de anteproxectos de disposicións de carácter xeral, coa colaboración do órgano asistido.

3. O persoal letrado velará nestas actuacións pola aplicación das directrices de técnica normativa aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.








***Artigo 19. Adaptación da regulación vixente aos principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa***

A Asesoría Xurídica Xeral promoverá nas súas actuacións a adaptación da regulación vixente aos principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa recollidos na Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, indicará as carencias e deficiencias normativas que se detecten e os problemas de interpretación que xurdan como consecuencia da aplicación das normas, e impulsará a utilización dos instrumentos de refundición normativa e de derogación expresa da normativa que tivese perdido vixencia.






***Sección 5ª. Defensa de funcionarios/as, autoridades e empregados/as públicos***

***Artigo 20. Defensa de funcionarios/as, autoridades e empregados/as públicos***

1. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia asumirán, nos termos previstos nesta lei, a asistencia, representación e defensa dos funcionarios/as, autoridades ou persoal ao servizo da Administración e entidades asistidas de acordo co establecido no artigo 2, cando estes poidan ser parte en procedementos ante calquera orde xurisdiccional, calquera que sexa a súa posición procesual e sempre que o devandito procedemento se suscite en virtude de actos ou omisións no exercicio lexítimo da súa función ou cando cumpran orde da autoridade competente.

2. O disposto nesta sección non afectará de ningunha forma o dereito dos afectados/as a designar un avogado/a en exercicio da súa elección. Para estes efectos, entenderase que se renuncia á defensa do letrado da Xunta cando o/a funcionario/a, autoridade ou persoal compareza ou se dirixa ao órgano xurisdiccional mediante calquera outra representación ou defensa.

3. De existiren contratos de aseguramento que cubran as prestacións a que se refire este artigo, tomados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma ou polo seu sector público, en que o seu persoal teña a condición de asegurado, a defensa ou asistencia do/a letrado/a da Xunta de Galicia prestarase cando así o solicite a persoa interesada e manifeste a súa conformidade a secretaría xeral técnica da consellería ou órgano competente da entidade en que aqueles presten os seus servizos.





## Artigo 21. *Concesión da autorización*


1. Para que os/as letrados/as da Xunta de Galicia poidan asumir a asistencia, defensa ou representación dos funcionarios/as, autoridades ou persoal ao servizo da Administración autonómica ou entes asistidos será preceptiva a autorización da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral.

2. A autorización outorgarase, tras a solicitude do funcionario/a, autoridade ou persoal afectado, e logo de petición fundada na concorrencia dos requisitos previstos no artigo 20.1 desta lei, formulada polo titular da secretaría xeral técnica da consellería ou órgano competente da entidade en que aqueles presten ou prestaban os seus servizos no momento de sucederen os feitos. Coa devandita solicitude deberán achegarse cantos documentos reciban as persoas solicitantes do xulgado ou tribunal ante o que se tramita o procedemento, así como calquera outro documento ou antecedente que figure nos arquivos do órgano e que poida ter relación directa co devandito procedemento.

A autorización concederase sempre reservando a posibilidade de revogación.

3. Para conceder a asistencia xurídica regulada no punto primeiro do presente artigo, a Asesoría Xurídica Xeral valorará, con carácter previo, a posible contraposición de intereses entre a persoa solicitante de asistencia e a Administración autonómica ou, se é o caso, a súa coincidencia, atendendo a factores tales como a especial afección da Administración autonómica respecto dos bens xurídicos protexidos, a posible relación coa defensa dos dereitos fundamentais ou a aparencia de actuación lexítima por parte da autoridade, funcionario/a ou persoal afectado.

4. Nos casos de urxencia na prestación da asistencia, a valoración efectuarase de forma sumaria e, se é o caso, outorgarase a actuación para as concretas actuacións de que se trate, sen prexuízo, en todo caso, da posterior análise da situación e da posible non renovación ou revogación da autorización de acordo co establecido nesta lei.






5. Nos supostos en que, pola existencia de segredo de dilixencias sumariais para as partes constituídas, non se poidan coñecer os datos necesarios para valorar a concesión da asistencia letrada, suspenderase, por resolución da dirección xeral, o prazo para resolver o procedemento de concesión da autorización. O procedemento continuará cando a persoa interesada comunique á dirección xeral o levantamento do segredo.

Nos supostos da existencia de segredo de sumario, o órgano competente da consellería ou entidade onde a persoa interesada presta os seus servizos poderá acordar, cando así se solicite, a asunción provisional pola Administración dos gastos de representación e defensa, de acordo co indicado no artigo 26.3.


6. Entenderase que existen os elementos para a concesión da autorización nos casos onde se solicite unha asistencia derivada de agresións físicas, verbais ou ameazas contra funcionarios/as, autoridades ou persoal, agás resolución motivada que xustifique o rexeitamento no caso concreto.





**Artigo 22. Prazo de resolución**

1. O procedemento para a concesión da autorización deberá ser resolto no prazo dun mes desde a presentación da solicitude pola persoa interesada, sen prexuízo do indicado no artigo 21.4.
2. A decisión da persoa titular da dirección xeral esgotará a vía administrativa.
3. No caso de falta de resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude para os efectos da interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo, salvo nos casos onde se solicite unha asistencia derivada de agresións físicas, verbais ou ameazas contra o persoal docente, sanitario ou o que teña encomendadas funcións de vixilancia ou inspección, en que a solicitude se entenderá estimada.






XUNTA DE GALICIA

**Artigo 23. *Asuncións de gastos***

A autoridade, funcionario/a ou persoal afectado deberá asumir, se é o caso, as correspondentes taxas, depósitos, gastos de probas periciais practicadas polo seu pedimento, custas, gastos de representación que non sexan cubertos pola asistencia por un letrado da Xunta de Galicia ou, en xeral, todo gasto que sexa alleo á defensa.





### **Artigo 24. Denegación da autorización**


1. A autorización a que se refire o artigo 21 denegarase cando:

a) Dos antecedentes remitidos se deduza que o procedemento non deriva de actos ou omisións realizados no exercicio lexítimo das funcións inherentes ao posto de traballo; cando non exista aparencia de actuación lexítima por parte da autoridade, funcionario/a ou persoal afectado, ou cando se actuase en cumprimento de ordes que constitúen unha infracción manifesta, clara e terminante dun precepto da lei ou de calquera outra disposición xeral.

b) Cando se aprecie a existencia de intereses contrapostos entre a Xunta de Galicia, organismos ou entidades públicas cuxa representación desempeñen legal ou convencionalmente os/as letrados/as da Xunta de Galicia e a autoridade, funcionario/a ou empregado/a.

Para valorar a existencia de contraposición de intereses atenderase, en particular, á posición procesual que adopte a Administración autonómica ou ente asistido no correspondente proceso. Deste xeito, denegarase a autorización cando as actuacións procesuais procedan de denuncia da propia Administración autonómica ou ente asistido, ou sexa instada polos órganos competentes ou decidida pola propia Asesoría Xurídica a constitución en parte en concepto de prexudicado ou acusación particular, salvo os casos en que se aprecie que é compatible a defensa das autoridades, funcionarios/as e persoal coas accións que se exerzan no procedemento e sen prexuízo do que poida dispoñer a autoridade xudicial.

2. Cando nun mesmo procedemento poida asumirse a defensa de varias autoridades, funcionarios/as ou empregados/as e se aprecie a existencia de intereses contrapostos entre eles, a persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral decidirá o que considere procedente para a asistencia, defensa e representación destes.






**Artigo 25. Revogación da autorización**

1. A autorización xa concedida poderá ser revogada pola Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral cando se aprecien de forma sobrevida as circunstancias sinaladas no artigo anterior.

2. Nos casos de revogación en que a Administración autonómica xa se constituíse como parte no procedemento, a defensa da posición da Administración encomendarase a un letrado da Xunta de Galicia diferente do que prestaba aquela asistencia letrada.








**Artigo 26. Indemnización nos casos de denegación da autorización**

1. Sempre que a asistencia xurídica sexa solicitada de acordo co disposto nesta lei e esta sexa denegada, a persoa interesada, se finalmente resulta absoluta, ou o asunto é desestimado, arquivado ou sobresido ou, se é o caso, resultan integramente estimadas as súas pretensións con carácter de firmeza, poderá solicitar en concepto de indemnización especial, que correrá por conta da consellería ou entidade en que prestaba servizo no momento de se produciren os feitos, o reintegro dos gastos de defensa e representación, sempre que tales servizos fosen procesualmente obrigados e agás que resultase condenada en custas a parte contraria. Tal resarcimento, de darse, calcularase e recoñecerase ata un límite máximo correspondente aos criterios orientativos recollidos nas táboas de honorarios aprobadas polo colexio profesional da provincia onde se desenvolveu o proceso.

2. O órgano competente da consellería ou entidade onde a persoa interesada prestaba os seus servizos, nos supostos de denegación da autorización pola existencia de intereses contrapostos, poderá acordar, cando así se solicite e se aprecien razóns xustificadas, a asunción provisional pola Administración dos gastos de representación e defensa indicados no punto 1 en que incorra a persoa interesada, e co límite nel establecido. Este adianto non poderá producirse nos supostos de denegación da autorización por non derivar o procedemento de actos ou omisións realizados no exercicio lexítimo das funcións inherentes ao posto de traballo, por non existir aparencia de actuación lexítima por parte da autoridade, funcionario/a ou persoal afectado, ou cando se actuase en cumprimento de ordes que constitúen unha infracción manifesta, clara e terminante dun precepto da lei ou de calquera outra disposición xeral.


As cantidades que, deste xeito, se adianten deberán ser garantidas pola presentación polo/a afectado/a de aval bancario solidario con renuncia expresa aos beneficios de excusión e pagadoiro ao primeiro requirimento. As cantidades serán obxecto de reintegro se non se dan finalmente os presupostos para a indemnización segundo o indicado no punto 1.





**Artigo 27. *Compensación de gastos en determinados supostos***

Sempre que a asistencia xurídica sexa concedida de acordo co disposto nesta lei, esixíranse á persoa interesada, se finalmente resulta condenada por resolución xudicial firme, en concepto de compensación ao Tesouro público pola asistencia xurídica prestada, os gastos de defensa e representación, que se calcularán e recoñecerán ata un límite máximo correspondente aos criterios orientativos regulado segundo as táboas de honorarios aprobadas polos respectivos colexios profesionais.





XUNTA DE GALICIA

*Sección 6ª. Ejercicio da acción popular*

**Artigo 28. Ejercicio da acción popular**

A Administración xeral da Xunta de Galicia poderá exercer a acción popular nos casos onde así se prevexa nunha norma con rango legal, na forma e condicións establecidas pola lexislación procesual e de acordo co recollido nesta lei.






*Sección 7ª. Outras funcións*

**Artigo 29. Asistencia a órganos colexiados**

1. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia asistirán, en exercicio da súa función consultiva, ás mesas de contratación, xuntas, comisións e demais órganos colexiados da Administración ou entidades asistidas, en que, conforme as disposicións vixentes, sexa precisa a súa intervención, ou cando así sexa requirida.
2. A intervención do persoal letrado deberase limitar, agás disposición expresa en contrario, ao asesoramento en dereito no cumprimento da legalidade vixente na adopción de acordos e na actuación dos ditos órganos.






**Artigo 30. Verificación de documentos**

1. Corresponde aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia declarar a suficiencia, con carácter de acto administrativo, dos documentos xustificativos dos poderes ou facultades dos que actúen en representación doutros, e deberán expresar concretamente a súa eficacia en relación co fin para o que fosen presentados.

2. As solicitudes de verificacións de suficiencia dos poderes ou facultades formuladas por particulares terán que ser resoltas e notificadas no prazo máximo de dez días, contados desde que se presentase a documentación completa. En caso de non ser resoltas en tal prazo, poderase entender desestimada tal solicitude.

3. Os actos dos/as letrados/as da Xunta de Galicia que declaren a invalidez, a insuficiencia dos documentos presentados para acreditar a personalidade ou a representación dunha persoa por outra ou que, en definitiva, desestimen a solicitude de verificación formulada, poderán ser impugnados pola persoa interesada enalzada. A resolución do recurso corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, e poñerá fin á vía administrativa.





### CAPÍTULO III

#### **Principios de colaboración entre os órganos asistidos e a Asesoría Xurídica Xeral**


##### **Artigo 31. *Deber de colaboración***

1. Os órganos asistidos deberán prestar á Asesoría Xurídica Xeral a colaboración precisa para a mellor realización dos seus fins.

2. En particular, os órganos asistidos deberán remitir á Asesoría Xurídica, coa maior brevidade posible, calquera comunicación recibida de órganos xurisdicionais.

Así mesmo, estes órganos deberán remitir, coa urxencia que o caso requira, os expedientes, documentos e informes que consten nas súas respectivas unidades con relación ao proceso suscitado, así como cantos informes sexan solicitados, e participar na preparación e a práctica das dilixencias de proba na forma que se lles solicite para a mellor defensa dos intereses da Administración ou entidade asistida.

3. A Asesoría Xurídica remitirá, coa urxencia que o caso requira, aos órganos da Administración interesada nos procesos, as comunicacións recibidas de órganos xurisdicionais, especialmente cando ordenen algunha actuación por parte da Administración, e prestará a colaboración que sexa precisa para estes efectos.





## CAPÍTULO IV

### Organización da Asesoría Xurídica Xeral

#### ***Artigo 32. Nomeamento e funcións da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral***

1. A dirección, coordinación e inspección da asistencia xurídica, tanto consultiva como contenciosa, regulada nesta lei, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral.

2. A persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral designarase entre funcionarios pertencentes á escala de letrados/as da Xunta de Galicia. Tamén se poderá designar entre os/as funcionarios/as públicos do subgrupo A1 pertencentes a corpos ou escalas da Administración pública que teñan expresamente encomendadas funcións de asesoramento xurídico, así como de defensa e representación da Administración en xuízo, ou ben entre xuristas de recoñecida competencia, con, neste último caso, máis de dez anos de exercicio profesional.

3. Durante o desempeño do seu cargo a persoa titular da dirección xeral estará habilitada para exercer as funcións de letrado/a da Xunta de Galicia e, en particular, poderá asinar como tal os escritos procesuais.

4. Correspóndelle á persoa titular da dirección xeral garantir o principio de unidade de criterio no exercicio das funcións de asistencia xurídica. Para estes efectos correspóndelle:


a) Fixar os criterios xerais de interpretación do ordenamento xurídico, co fin de homoxeneizar as actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público.

b) Impartirlles aos/ás letrados/as da Xunta de Galicia as ordes e as instrucións particulares ou xerais que sexan convenientes para o servizo e para o exercicio das súas funcións.



XUNTA DE GALICIA

5. A persoa titular da dirección xeral poderá reservar para si o coñecemento de calquera asunto consultivo ou contencioso, ou de calquera materia ou conxunto delas, así como dispoñer a actuación conxunta ou individual dos/as letrados/as en determinados asuntos ou categorías deles, por razóns de coordinación, repartición ou distribución do traballo, ou pola natureza ou complexidade das materias, calquera que sexa a unidade a que estivese organicamente atribuído o coñecemento do asunto.







**Artigo 33. Estructura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral**


1. Para o desempeño das súas funcións, a Asesoría Xurídica Xeral estrutúrase en gabinetes centrais, gabinetes xurídicos territoriais e asesorías xurídicas das consellerías, organismos e entidades en que así se dispoña, de acordo coas disposicións orgánicas que aprobe a Xunta de Galicia.

En particular, en cada consellería deberá existir, ao menos, unha asesoría xurídica.

2. Os citados gabinetes e asesorías xurídicas dependerán xerárquica e funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, sen prexuízo da súa integración orgánica nas consellerías, delegacións territoriais ou entidades en que desempeñen os seus servizos.

3. Así mesmo, dependerá xerárquica e funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral a Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, integrada por letrados/as da Xunta de Galicia, sen prexuízo da súa especialización e prestación de servizos no organismo.


4. A Xunta de Galicia aprobará a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral de acordo co establecido no artigo 27.1 da Lei 16/2010, determinará os distintos órganos que dela dependen, así como as competencias e funcións dos gabinetes e das asesorías xurídicas determinadas nos puntos anteriores, sen prexuízo do indicado no artigo 32.5 da presente lei.





**Artigo 34. *Relación de postos de traballo***

1. Para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, todo o persoal letrado e persoal administrativo da Asesoría Xurídica Xeral se incluírá nunha única relación de postos de traballo, con independencia da consellería, delegación territorial ou entidade en que desempeñe os seus servizos.
2. Esta relación de postos de traballo dimensionará adecuadamente os efectivos asignados á Asesoría Xurídica Xeral e aos órganos que dependen dela, e adscribirá, ademais dos titulares dos órganos, o número de postos de persoal letrado que se determine.






## CAPÍTULO V

### Os/as letrados/as da Xunta de Galicia

#### **Artigo 35. Escala de letrados/as da Xunta de Galicia**


1. O exercicio das funcións de asistencia xurídica de competencia da Asesoría Xurídica Xeral corresponde ao persoal funcionario pertencente á escala de letrados/as da Xunta de Galicia, integrada no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma, subgrupo A1, prevista no número 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
2. A denominación que lle corresponde en exclusiva ao persoal letrado será a de letrado ou letrada da Xunta de Galicia, e non poderá ser utilizada tal denominación ou outra que induza a confusión por ningún outro persoal dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou do seu sector público.
3. O ingreso na escala de letrados/as da Xunta de Galicia efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de oposición libre entre persoas coa licenciatura ou grao en Dereito.
4. As probas selectivas de ingreso deberán basearse nun temario que esixirá coñecemento de todas as ramas do dereito, con especial énfase nas materias de dereito civil, dereito procesual, dereito constitucional e autonómico e dereito administrativo, combinarán de forma equilibrada os exercicios teóricos e prácticos, e deberán ser avaliadas de acordo cos principios de igualdade, obxectividade, mérito e capacidade.





**Artigo 36. Dependencia xerárquica e funcional**


1. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia, calquera que sexa o órgano onde desempeñen os seus servizos, están suxeitos á dependencia xerárquica e funcional da Asesoría Xurídica Xeral.
2. Corresponde á consellería, delegación territorial, organismo ou entidade en que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presten os seus servizos a provisión dos medios materiais necesarios para o axeitado desempeño das súas funcións.





**Artigo 37. Actuación profesional**


1. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia quedan habilitados polo feito do seu nomeamento e toma de posesión para a realización das funcións que lles corresponden tanto perante a Administración xeral e o seu sector público como perante os xulgados e tribunais de calquera orde xurisdiccional.
2. Nas súas actuacións procesuais os/as letrados/as da Xunta de Galicia levarán un distintivo que os acredite como tales, que será aprobado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de xustiza.
3. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia desenvolverán as súas funcións en defensa dos dereitos e intereses da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos principios de legalidade, obxectividade e imparcialidade.
4. Os/as letrados/as da Xunta de Galicia teñen garantida a súa autonomía funcional respecto dos órganos e entidades asistidos.





**Artigo 38. *Postos de traballo con funcións de asistencia xurídica***


Os postos de traballo que teñan encomendado o desempeño das funcións de asistencia xurídica na Administración xeral da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos serán provistos, con carácter exclusivo, por persoal funcionario da escala de letrados/as da Xunta de Galicia. Esta mesma regra será aplicable ás demais entidades públicas instrumentais cando os seus estatutos prevexan a creación dunha asesoría xurídica que dependa da Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co disposto no número 3 do artigo 2 desta lei.





**Artigo 39. *Habilitación temporal en postos de traballo correspondentes á escala de letrados/as***

1. Cando os postos de traballo correspondentes á escala de letrados/as se atopen vacantes e, tendo en conta as necesidades de servizo, non poidan ser cubertos por persoal funcionario da escala, poderán ser desempeñados, excepcionalmente e de maneira temporal, conforme os sistemas de provisión temporal regulados pola normativa de función pública, por funcionarios/as de carreira da Comunidade Autónoma con título de licenciado/a ou graduado/a en Dereito e pertencentes ao subgrupo A1.
2. Esta provisión requirirá informe previo e motivado da persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral. En ningún caso esta habilitación temporal e excepcional suporá a adquisición de dereitos de integración orgánica na escala de letrados/as.
3. Nos casos indicados no punto anterior, unha vez provista a praza, a persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral ditará resolución de habilitación e sinalará as funcións asignadas aos/ás letrados/as que poderá realizar a persoa designada.
4. O/A funcionario/a habilitado como letrado/a actuará en xuízo, así como na súa función consultiva, baixo a denominación de letrado/a habilitado/a da Xunta de Galicia.
5. As habilitacións poderán ser revogadas discrecionalmente pola persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, o que comportará o cesamento no posto de traballo. Así mesmo, a habilitación cesará cando sexa provista a praza por letrado/a da Xunta de Galicia.





**Artigo 40. *Habilitación a persoal funcionario que preste os seus servizos en postos de traballo dos órganos asistidos***

1. Para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, a persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral poderá habilitar, para o exercicio de concretas e determinadas funcións de asistencia xurídica correspondentes á escala de letrados/as da Xunta de Galicia, persoal funcionario licenciado ou graduado en Dereito que preste os seus servizos en postos de traballo dos órganos asistidos e cuxas funcións ordinarias e especialización técnica estean relacionadas coas materias respecto das cales se efectúa a habilitación.


Estas funcións poderán consistir, en particular, en actuacións de representación e defensa en xuízo en determinados casos ou materias relacionadas coa especialización técnica do persoal funcionario, ou asuntos repetitivos ou de escasa complexidade e contía.

2. Esta habilitación requirirá a conformidade do órgano asistido. O/a funcionario/a habilitado de acordo con este precepto manterá o seu posto de traballo e dependencia orgánica, ben que actuará baixo a dependencia funcional da Asesoría Xurídica Xeral no relativo única e exclusivamente ao desempeño das funcións de asistencia xurídica asignadas, que se desenvolverán de acordo co disposto nesta lei.

En ningún caso esta habilitación suporá a adquisición de dereitos de integración orgánica na escala de letrados/as.

3. O persoal funcionario habilitado como letrado/a actuará en xuízo, así como na súa función consultiva, baixo a denominación de letrado/a habilitado/a da Xunta de Galicia.

4. As habilitacións previstas neste artigo poderán ser revogadas discrecionalmente pola persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral.








XUNTA DE GALICIA

**Artigo 41. Formación**

Os/as letrados/as da Xunta de Galicia teñen o dereito e o deber de formación continua e de actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades, a fin de coñecer as innovacións lexislativas, xurisprudenciais e doutriniais, de acordo co disposto na normativa xeral de función pública.






XUNTA DE GALICIA

**Disposición adicional primeira. *Uso da lingua galega***


De conformidade co disposto no Estatuto de autonomía de Galicia e nos artigos 4 e 6.4º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no ámbito da Asesoría Xurídica Xeral coidarase que as súas actuacións, especialmente as dirixidas a outros órganos da Administración autonómica e as que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia, se fagan habitualmente en galego.





**Disposición adicional segunda. *Uso de medios electrónicos***

1. Fomentarse a implantación e utilización dos medios electrónicos que faciliten a relación da Asesoría Xurídica Xeral co resto de órganos da Administración autonómica e doutras administracións, principalmente coa Administración de xustiza, co obxecto de simplificar os trámites e reducir os prazos das comunicacións, facilitando un funcionamento máis eficaz das institucións.
2. A Asesoría Xurídica Xeral utilizará medios electrónicos para remitir aos órganos e entidades asistidos as comunicacións recibidas dos órganos xurisdicionais.






XUNTA DE GALICIA

**Disposición derogatoria.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e, en concreto:


- a) A Lei 7/1984, do 28 de xuño, de regulación provisional dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia.
- b) As disposicións adicionais oitava e novena da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.





**Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento normativo e execución***

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.
2. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobará, de acordo co establecido nesta lei e no artigo 27.1 da Lei 16/2010, a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral e determinará os distintos órganos que dela dependen, así como as súas competencias e funcións.





**Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia***

A Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 14 queda coa seguinte redacción:


“Artigo 14. *Propostas e informes*

1. O Consello da Xunta poderá encomendar ao Consello Consultivo de Galicia a redacción de anteproxectos lexislativos e a elaboración de propostas lexislativas ou de reforma estatutaria. A súa realización deberá axustarse estritamente ao ámbito delimitado polos criterios e obxectivos expresados polo Consello da Xunta.

2. Poderá tamén a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, pola súa exclusiva iniciativa, solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre calquera cuestión concreta cando, ao seu xuízo, sexan de transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Así mesmo, as persoas titulares da presidencia das entidades locais poderán solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre cuestións concretas de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, entenderase que unha cuestión reviste especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes casos:

- a) Cando apareza referida a normas cuxa aplicación ao caso ou cuxa interpretación na súa aplicación a este resulte dubidosa.
- b) Cando transcenda do caso concreto porque presente unha cuestión xurídica de relevante e xeral repercusión económica ou social.
- c) Cando fose resolta por distintas administracións públicas de Galicia con criterios xurídicos contraditorios.”





Dous. O artigo 21 queda redactado da seguinte maneira:

“Artigo 21. *Sección de Estudos e Informes*

1. A Sección de Estudos e Informes estará composta pola persoa titular da Presidencia do Consello, quen a presidirá, por unha conselleira ou conselleiro electivo e por unha conselleira ou conselleiro nato, que será designada/o anualmente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello. Poderá incorporarse a ela, para a súa intervención limitada a un asunto concreto, outra conselleira ou conselleiro electivo, que se designará da mesma forma.
2. Compételle a esta sección a redacción dos anteproxectos lexislativos e a elaboración, para o seu sometemento ao Pleno, das propostas lexislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta encomende ao Consello Consultivo.
3. Compételle, así mesmo, a realización dos informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e as persoas titulares da Presidencia das entidades locais soliciten.

No caso das entidades locais, na solicitude de informe deberá expoñerse con claridade e precisión a cuestión concreta sobre a que verse a dita solicitude e a xustificación da súa posible consideración como de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia, con invocación expresa do suposto previsto no artigo 14.3 que se considere de aplicación. A solicitude deberá ir acompañada da documentación que lle sirva de fundamento.

A Sección de Estudos e Informes examinará a solicitude e no caso de que, por maioría dos membros asistentes, se aprecie que non concorre ningún dos supostos previstos no artigo 14.3, acordarase a devolución do expediente e o arquivamento do actuado, sen máis trámite.


4. Cando a realización dun determinado anteproxecto lexislativo, dunha proposta lexislativa ou de reforma estatutaria ou dun concreto informe requira información ou asesoramento técnico especializado, poderá





XUNTA DE GALICIA

solicitarse a asistencia de persoal funcionario doutros corpos do sector público autonómico.”







XUNTA DE GALICIA

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor***

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
19 MAI. 2015
Núm. 37326

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA

XESÚS ELADIO SEIXO FERNÁNDEZ, con NIF 32.402.822-P; PAULO S. CARRIL VÁZQUEZ, con NIF 32.819.866-Q; MIGUEL MALVIDO CABIRTO, con NIF 36.039.025-A; XOAN XOSÉ BOUZAS ABOI con NIF 76.859.338-P; CARLOS FERNANDO BRANCO PARGA con NIF 76.399.580-C; MARÍA MERCEDES DOMÍNGUEZ SANTOMÉ con NIF 36.1000.073-D; EDUARDO CAAMAÑO LESTÓN con NIF 32.769.312-Q; JULIO JOSÉ FERNÁNDEZ ALONSO con NIF 36.070.452-N; DORES MARTÍNEZ CASTELO, con NIF 33.279.385- H ; ROSA ABUIN RODRÍGUEZ, con NIF 35.437.621-A; XOSÉ XOÁN MELÓN GONZÁLEZ, con NIF 36.013.952-T; ALBERTO FERNÁNDEZ CAMPO, con NIF 36.001.817-D; todos/as eles/as maiores de idade, coa condición política de galegos/as e inscritos/as no censo electoral; con domicilio para efectos de notificacións na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, núm. 10, 15703 Santiago de Compostela; teléfono 981 564 300; fax 981 571 082; comparecen perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Comisión Promotora da presente iniciativa, e **EXPOÑEN:**

Que consoante ao disposto no artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, formulan escrito de promoción de INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, co seguinte contido:

I. De conformidade co disposto na letra b) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, as razóns que aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente proposición de lei céntranse na necesidade promover políticas públicas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza, así como garantir a subministración da enerxía como dereito universal de todas as persoas.

II. De acordo coa letra a) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, expóñese a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

19 MAI. 2015

Núm. 37326

**Proposición de Lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética**

**Exposición de motivos**

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais

19 MAI. 2015

Núm. 37326

era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a dispoñer de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

## **Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.**

### **Artigo 1. Política enerxética.**

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

19 MAI. 2015

a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.

b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.

c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.

d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

## **Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.**

### **Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.**

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

### **Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.**

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.

2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.

3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

19 MAI. 2015

Núm. 37326

**Disposición derogatoria única. Derogación normativa.**

Fican derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta Lei.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**


Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.


III. Os asinantes autorizan a D. Xesús Eladio Seixo Fernández a presentar e recibir escritos e documentos en nome da Comisión Promotora.


Polo exposto,


**SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA:** Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa legislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, quince mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.


Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015.


  
36013952-T


  
36070452N


  
36.039.025 A


  
3600187-D


  
36.100.073-D


  
32.902.822 P.


  
32.819.866 Q.

  
32269312 Q.

  
33.270.385 H.

  
35.437.621-A

  
76.859338 P.

  
76399580-C

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPONSA A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
  - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727